

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****ROSAL, O****Ordenanzas e Regulamentos*****APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL DA TAXA DE
ABASTECIMENTO DE AUGA******ANUNCIO***

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga do Concello do Rosal

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións no período de exposición pública, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o día 24 de marzo de 2018, polo que se aprobaba a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga do Concello do Rosal, en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese á publicación do texto íntegro da citada ordenanza modificada:

**“ORDENANZA Nº 12
ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN
DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA*****ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E REXIME***

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello modifica a “Taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, gas, electricidade, e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministracións sexan prestados por entidades locais”, a que se refire o artigo 20.4.t) do citado Real decreto legislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa:

1.—A actividade municipal técnica e administrativa, tendente a verificar si se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de abastecemento de auga municipal.



2.—A prestación do servizo de subministración de auga.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO

1.—Son suxeitos pasivos desta taxa, na condición de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as comunidades de bens, herdanzas xacentes e demais entidades ás que se refire ó art. 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos prestados polo Concello a que se refire o artigo anterior.

2.—Terán a condición de substitutos do contribuínte, os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4º.—RESPONSABILIDADE SOLIDARIA E SUBSIDIARIA

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas ou entidades ás que se refire o art. 42 da Lei xeral tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5º.—BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base para a determinación do importe da taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de abastecemento de auga.

ARTIGO 6º.—COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a seguinte:

I.—AUTORIZACIÓN DE CONEXIÓNS Á REDE

Tarifa: 220,65 euros

6.II.—PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

Na percepción da taxa seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos, e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles:

A) USOS DOMÉSTICOS

Consumo de 0 a 48 m³: 8,82 euros ao cuadrimestre

De 48 ata 96 m³: 0,41 m³

Mais de 96 m³: 0,6888 m³



Luns, 11 de xuño de 2018

Núm. 111

B) USO COMERCIAL, INDUSTRIAL E OBRAS:Consumo de 0 a 48 m³: 12,342 euros ao cuadrimestreDe 48 ata 96 m³: 0,574 m³Mais de 96 m³: 0,9646 m³

Para a confección da liquidación tributaria, en aplicación das tarifas establecidas no epígrafe II, teranse en conta as seguintes normas:

1.—O consumo mínimo a facturar aos usuarios non poderá ser inferior a 8,82 €/m³ ao cuadrimestre para usos domésticos e 12,342 €/m³ para usos comerciais, industrias e obras.

2.—Como norma xeral a determinación do consumo que realice cada usuario concretarse mediante diferenza entre a lectura do contador de medida de dous períodos consecutivos.

3.—As subministracións que non posúan contador ou non estean dadas de alta no padrón do Concello, ou pese ao cumprimento dos requisitos anteriores sexa utilizado de forma fraudulenta, facturaranse por un mínimo de 200 m³ para usos domésticos, e 500 m³ para usos comerciais, industriais e obras.

ARTIGO 7º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

De conformidade co disposto no artigo 9.1 do TRLRFL, non se recoñecen outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

ARTIGO 8º.—DEVENGO

a) Cando se trate de servizos non periódicos:

Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír dende se que solicite a prestación do servizo ou dende que se utiliza o mesmo sen estar autorizado.

b) Cando se trate de servizos periódicos:

A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, excepto no momento de alta no padrón, que se devengará a partir dese momento.

ARTIGO 9º.—PERÍODO IMPOSITIVO

O período impositivo coincidirá co cuadrimestre natural, salvo no caso de alta no servizo que abranguerá dende o día da alta ata a finalización do período impositivo e no caso de baixa, dende o primeiro día do período impositivo ata o día da baixa.



ARTIGO 10º.—LIQUIDACIÓN

a) Cando se trate de servizos non periódicos:

- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de prestar o servizo ou de realizar a actividade.

- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude da prestación do servizo, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

- Se se realiza a prestación do servizo ou actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

b) Cando se trate de servizos periódicos:

- Practicarase una liquidación cuatrimestral ao 30 de abril, 31 de agosto, e 31 de decembro.

ARTIGO 11º.—INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase:

— Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

— Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

— Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ao público.

ARTIGO 12º.—NORMAS DE XESTIÓN

1.—As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo 2 desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita. Á solicitude de alta deberá achegar:

a) Identificación do substituto do contribuínte (achegando copia do NIF), e se non fora o mesmo, identificación do contribuínte (achegando copia do NIF).

b) Copia do título de propiedade do inmovible obxecto do servizo.



2.—Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

3.—O substituto do contribuínte, estará obrigado a comunicar as variacións de orde físico, xurídico, ou económico que se produzan nos inmobles ou actividades gravadas pola taxa. Ditas declaracións deberán presentarse no rexistro xeral deste Concello antes de que finalice o cuadrimestre natural de facturación. No caso de falla de presentación de declaración ou presentación extemporánea desta, os efectos da mesma terán lugar no período impositivo seguinte ao da presentación, sen prexuízo das sancións que se puideran impoñer.

4.—A colocación do cadro con contador e accesorios, realizarase respectando estritamente as condicións que lle sinale o Concello na licenza que preceptivamente se expida. En caso de dúbida, o lugar de emprazamento será fixado polos servizos técnicos municipais.

ARTIGO 13.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS

No relativo á cualificación das infraccións tributarias e as súas correspondentes sancións, estarase ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable que a desenrola.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1.—A contía da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

2.—O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante o período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación, ambos inclusive.

3.—A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

DISPOSICIÓN FINAL.—A presente modificación da Ordenanza, aprobeuse polo Pleno en sesión de data 24 de marzo de 2018, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.—A presente Ordenanza fiscal derroga á “Taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, gas, electricidade, e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais”.

A ALCALDESA

Asdo. M^a del Carmen Alonso Alonso

